

Teño lanchas, teño redes,
teño sardiñas no mare
teño unha nena bonita
pra que quero traballare.

As embarcacións foron un medio esencial para a difusión das culturas. Fenicios, gregos, romanos, chineses, portugueses, españois, ingleses, rusos, americanos, ... teñen unha flota de considerable importancia no seu esplendor na historia.


Galicia desenvolveu embarcacións propias que se utilizaron para a pesca e o transporte. Hai un gran número de tipos con características propias, aínda que en todas hai elementos comúns.

As boas características mariñeiras das embarcacións galegas resúmense no dito "peito de lobo e rabo de xarda" que nos da a entender a valentía para afrontar as ondas do mar e a facilidade para navegar.

Sada foi, e aínda é, unha vila eminentemente mariñeira. Ten gran sonda en todo Galicia pola pesca que se desembarca no seu porto. O mar e as embarcacións forman parte da cultura da nosa vila.


Con este pequeno traballo tratamos de manter viva esta cultura e evitar que esmoreza un vocabulario eminentemente mariñeiro. Coa axuda dun recortable tentamos que a Comunidade educativa coñeza as partes dunha embarcación tradicional da nosa costa: a chalana.

Equipo de normalización lingüística.




Instruccións para montar o recortable

1. Recorta os costados e o fondo da chalana. Pega un costado no espello coas liñas de puntos cara ó interior. Agarda a que seque.
2. Vai pegando con precisión o costado ó fondo pero só ata a metade.
3. Mentres seca a cola, vai recortando a roda e péga. ¡É un prisma triangular truncado!
4. Mentres seca a roda pega o resto do costado.
5. Fai igual co outro costado, cando chegues á metade deixa secar a cola. Mentres vas recortando a chopa e a tilla.
6. Remata de pegar o segundo costado ó fondo.
7. Si a roda xa está seca pégalla na proa (polo interior), de xeito que unas os dous costados.
8. Vai recortando o banco de meo mentres seca a roda nos costados. Podes preparar un reforzo para que non brandee ou poñerlle o final un "tente teso" (¿que será iso?)
9. Agora debes pegar dúas pezas difíciles a tilla e a chopa. Faino sobre as liñas de puntos dos costados.
10. Agora debes pegar o banco de meo.
11. Quédache poñe-las chumaceras no courel, entre o banco de meo e a chopa.
12. Remataches, ponlle toletes e ... ¡boga mariñeiro!.




embarcacións tradicionais en Galicia



Carpinteiro de ribeira
faime un barquiño de vela
pra ir de lúa de mel
coa miña Manoela

As embarcacións son os vehículos que máis cedo acadaron un gran desenvolvemento, constituíndo durante séculos o principal medio de transporte e o máis importante elemento de comunicación.




Embarcación gravada sobre unha xerra do século III d.C. (Museo do

A súa importancia e antigüidade fixo que os coñecementos para a súa construción fosen chegando a tódolos pobos das ribeiras dos mares, ríos e lagos, que adaptaron as súas necesidades as diferentes técnicas que lles traían os barcos que os visitaban, creando tipos de embarcacións distintas segundo para que uso se destinaran.

Galicia, sempre vinculada ó mar pola súa costa de características tan singulares, desenvolveu un grande número de embarcacións propias que se utilizaron para a pesca e o transporte de mercadorías ou persoas.

A construción de embarcacións ten en Galicia unha gran tradición, constituíndo en tódolos tempos un sector industrial punteiro.


Neste desenvolvemento foi fundamental o coñecemento dos mariñeiros, pescadores e carpinteiros de ribeira que fixeron posible que a iniciativa dos armadores se transformase en novos barcos adaptados ás novas necesidades.



A lancha xeiteira

A construción das embarcacións

A construción dunha embarcación é un proceso complexo que require de persoal especializado e instalacións apropiadas. Estas instalacións reciben o nome xenérico de estaleiros, aínda que os que só fan barcos de madeira coñécense como carpinterías de ribeira.




A dorna

As carpinterías de ribeira

As carpinterías de ribeira situábanse na beiramar, preto da liña de auga, buscando esteiros ou lugares protexidos dos ventos e dos temporais. Polo común tiñan unha pequena edificación de pedra que funcionaba taller como taller e almacén, un alboio ou pendello de madeira unido ó anterior, e arredor unha extensión ampla de terreo ou praia onde se almacenaba a madeira, se preparaban as pezas, se varaban as embarcacións para reparar ou os novos cascos para remata-lo seu aparelado e se construían os barcos se o seu tamaño así o obrigaba. Tal é o caso dos Jurjos en Sada.


Os carpinteiros de ribeira realizaban todo o proceso de construción, como Cao en Lorbé ata hai uns anos, desde ir busca-la madeira ó monte, serrala, curala e despois arma-lo barco. Ademais, era habitual que fosen os proxectistas e deseñadores dos seus modelos, que se ben respondían a tipos xerais, tiñan modificacións e adaptacións propias de cada carpintería e de cada mestre carpinteiro.



Chalana

A madeira. Selección e serra


Para comezala construción o carpinteiro tiña que dispor no seu taller da madeira adecuada. Un barco leva diversos tipos de madeira segundo as pezas, xa que as características de cada unha delas son diferentes. Así, a dos elementos da estrutura do barco, quilla e cadernas, debe ser resistente e dura, mentres que para o forro ou o pao da vela é necesaria madeira flexible que se adapte ás formas do barco ou aguante os fortes ventos sen crebarse.





Gamela da Guarda

Pero isto non era xeral e en casos utilizábanse outras madeiras de características similares, sempre que fora posible sen comprometer a resistencia da embarcación. Así a sobreira, o bidueiro e o ameneiro tamén se usaban.







A elección da madeira é un problema delicado no que a experiencia e saber facer do carpinteiro son fundamentais. Este buscaba nos bosques próximos aquelas árbores que respondían polo seu tamaño e calidade ó que necesitaba, mirando as dimensións, o estado da madeira, se ten moitos nós e a forma, aspecto este moi importante para face-las pezas curvas. Isto débese a que se a forma se adapta ó sentido das febras da madeira ten unha grande resistencia transversal, que é moi importante nalgunhas pezas como o codaste ou a roda, para as que se usan gallas formadas polo tronco e unha póla principal.



Barco do Miño



C.E.I.P. Sada e contornos
Letras Galegas 2002



C.E.I.P. Sada e contornos

Equipo de Normalización Lingüística



C.E.I.P. Sada e contornos

C.E.I.P. Sada e contornos

Equipo de Normalización Lingüística

